

ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA

**APERTURA DE PRAZO PARA A PRESENTACION DE SOLICITUDES E ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS TEMPORAIS DE USO DE POSTOS DE ATRACADA PARA EMBARCACIÓNS RECREATIVAS NO PORTO DE TESTAL**

**1.- CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA A ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS TEMPORAIS DE USO DE POSTOS DE ATRACADA DO PORTO DE TESTAL E DE REGULARIZACION DE OCUPACIÓN VIXENTES**

As solicitudes para autorizacións temporais de uso de postos de atracada obxecto deste emprazamento, formalizaranse segundo o establecido na resolución de data 14/10/2020 polo que se aproba o procedemento IF501A publicado na sede electrónica da Xunta de Galicia. Non obstante, dadas as características específicas da instalación establécense certas condicións particulares que regularán a adxudicación das prazas.

Os atraques postos a disposición no porto de Testal reflíctense na sitio web de Portos de Galicia no enlace:

<https://portosdegalicia.gal> a través das pestanas:

- Comunicaci3ns e avisos
- Convocatorias de utilizaci3n de espazos p3blicos
- Autorizaci3ns temporais de uso de postos de atracada para embarcaci3ns recreativas no porto de Testal

**2.- PRAZO DE PRESENTACI3N DE SOLICITUDE**

Establécese un prazo específico para a presentaci3n de solicitudes de atracada para embarcaci3ns recreativas, tanto das que xa est3n atracadas na actualidade como de novas embarcaci3ns, que se iniciará a partir do día **10 de Marzo de 2022** e quedará aberto.

As listas de espera que puideran existir con anterioridade a este emprazamento quedarán sen efecto, debendo os interesados presentar unha nova solicitud segundo o disposto neste procedemento.

Non obstante, ábrese un prazo preferente durante os primeiros 30 días naturais do prazo xeral, nos que se establece a prioridade na adxudicaci3n de atraques a aquelas solicitudes formalizadas por un mesmo titular e unha mesma embarcaci3n que figure na citada lista de espera, ou ben que se declare que a embarcaci3n atópase atracada na instalaci3n con anterioridade a data de inicio do prazo de presentaci3n de solicitudes; informaci3n que se contrastará cos datos en poder de Portos de Galicia. Finalizado este prazo, as solicitudes asignaranse por orde de presentaci3n de solicitudes completas.

As embarcaci3ns atracadas na actualidade que non contén con título vixente, en todo caso deberán formalizar solicitud para regularizar a ocupaci3n, xa que do contrario deberán desaloxar a instalaci3n con carácter inmediato desde a apertura do prazo de presentaci3n de solicitudes, sendo de aplicaci3n en caso contrario os disposto na regra novena da tarifa X-5 recollida na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exacci3ns reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.





### 3.- TIPOS DE EMBARCACIONES ADMITIDAS E LIMITACIÓN DE CALADO

Esta instalación está dispoñible unicamente para embarcacións recreativas, que cumpran con requisito de calado reducido, xa que a instalación localízase nunha zona con calados de entre a cota 0 e a cota -0,50 m sobre a BMVE, polo que en certas condicións de marea as embarcacións poderían quedar varadas sobre o fondo mariño.

Polo exposto, os solicitantes que soliciten estas prazas asumen as condicións de calado existentes e as aceptan, facéndose responsables dos posibles inconvenientes que esta limitación poida supoñer na manobrabilidade das embarcacións ou calquera outra incidencia.

Esta limitación implica que as prazas van destinadas a embarcación de escaso porte e lixeiras.

Por outra banda, dadas as condicións ambientais do porto, restrínxese a utilización da instalación a embarcacións dedicadas náutico recreativa sen ánimo de lucro (lista 7ª), polo que non se autorizará nestes atraques calquera actividade onerosa, así como as motos acuáticas.

### 4.- DEFINICIÓN DOS POSTOS DE ATRACADA

A identificación e situación dos distintos postos de atracada reflíctese no plano inserido no sitio web de Portos de Galicia no enlace indicado anteriormente, sendo estas as características dos postos:

Categoría	Dimensións da PRAZA (m)	Dimensións da EMBARCACIÓN		Nº de Prazas
		Eslora máxima	Manga máxima	
A	6,00 x 2,50	6,00	2,50	21
B	8,00 x 2,95	8,00	2,80	15
B	8,00 x 4,00	8,00	2,80	1
			TOTAL PRAZAS	37

Portos de Galicia poderá, se así o estima conveniente, modificar as dimensións e emprazamento das prazas para adaptar a distribución das mesmas ó resultado deste emprazamento. Asemade, se como resultado do proceso fora necesario ampliar ou reducir a oferta dos postos de atracada, redistribuílos, renumeralos ou variar a súa posición, poderá facelo de maneira xustificada e conservando as súas características xerais, tendo dereito o solicitante que se vira afectado polas modificacións a renunciar á autorización adxudicada sen dereito a indemnización algunha.

### 5.- DOCUMENTACIÓN ESPECIFICA A PRESENTAR

Ademais dos documentos indicados no procedemento IF501A, os solicitantes que se atean á presentación dentro do prazo preferente indicado no punto 2 deste prego, deberán presentar o documento esixido en cada un dos seguintes casos:

a)- Os solicitantes que estean utilizando a instalación na actualidade, deben acreditar a situación coa presentación do documento "Declaración de ocupación de posto de atracada" debidamente cumprimentado, que se encontra dispoñible no enlace da páxina web de Portos de Galicia indicado no punto 1.





b)- Os solicitantes que tiveran presentado unha solicitude de atracada para esta instalación con anterioridade a data do inicio do prazo de presentación de solicitudes e non obtiveran a autorización correspondente deben acreditar a situación coa presentación da solicitude co correspondente rexistro de entrada.

A non presentación dos documentos indicados, a presentación do documento parcialmente cuberto, con incorreccións ou falsidades non será tido en conta no proceso de adxudicación preferente.

## **6.- SELECCIÓN DOS ADXUDICATARIOS**

A orde de prioridade na selección e adxudicación das autorizacións temporais de uso de postos de atracada solicitadas realizarase segundo o establecido na condición 11ª da resolución de aprobación do procedemento de data 14/10/2020, na que se establece como criterio de adxudicación o orde de entrada. Non obstante, transcorrido o prazo dos 30 días iniciais indicado anteriormente, Portos de Galicia realizará unha primeira adxudicación entre aquelas solicitudes que acrediten a condición de preferencia indicada no punto 1.

Santiago de Compostela, Asinado na data da sinatura electrónica

O director

Roi Fernández Añón

